

BASES DA XLII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA

O Concello de Brión, coa colaboración do Club Deportivo Brión Hyupersa Santiago, organiza a XLII edición da súa carreira popular o sábado 4 de outubro de 2025 a partir das 16:30 horas nas inmediacións do Parque de Pedrouzos (ao lado do Campo de Fútbol Municipal de Brión) baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago). Esta carreira é unha proba oficial da FGA con distancia non homologada e pertencente ao IX Circuito de Carreira Deputación da Coruña.

PRIMEIRA.- NORMATIVA XERAL

A XLII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA rexerase polas actuais regulamentacións de Seguridade Viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE Nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).

A proba estará subscrita ao seguro de responsabilidade civil do Concello de Brión. Tamén contará con un seguro de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/199.

Así mesmo a proba contará cun servizo médico-sanitario composto dunha ambulancia e un médico.

A organización resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade, circunstancias que serán comunicadas aos participantes con tempo suficiente.

No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a proba será suspendida automaticamente.

SEGUNDA.- PARTICIPANTES

Poderán participar atletas tanto federados como non federados.

Tódolos participantes deben recoñecer estar en perfecto estado físico e de saúde ó realizar a inscrición e no momento da proba.

Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin de clasificacións. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

As persoas participantes na XLII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA estarán rexidos pola conduta “fair play” e comprométense a levar durante a realización da mesma un comportamento leal e sincero ademais de correcto no deporte, en especial fraterno cara o contrincante, respectuoso coa organización e correcto cos asistentes.

Os atletas con licenza pola FGA deberán competir coa camiseta oficial do club e terán que atermos ao regulamento de Disciplina Deportiva en vigor.

Nesta proba a participación de atletas estranxeiros e doutras federacións autonómicas rexerase de acordo co disposto na sección terceira, artigos 16, 17 e 18 do regulamento competicións da Real Federación Española de Atletismo, que se pode consultar na seguinte ligazón:

<https://atletismorfea.es/sites/default/files/202403/Reglamento%20de%20Competici%C3%B3n.pdf>

TERCEIRA.- CATEGORÍAS, DISTANCIAS, HORARIOS E CIRCUITO

Na presente edición da proba establécense as seguintes categorías, distancias e horarios:

	CATEGORÍA	SEXO	NADOS/AS	DISTANCIA	HORARIO
MENORES SEN CLASIFICACIÓN	PITUFO	Mixto	2020 e posteriores	100m.	16:30
	SUB 8	Mixto	2018/2019	400m.	16:45
MENORES	SUB 10	Másculino Femenino	2016/2017	700m.	17:00
	SUB 12	Másculino Femenino	2014/2015	700m.	17:15
	SUB 14	Másculino Femenino	2012/2013	2000m.	17:30
	SUB 16	Másculino Femenino	2010/2011	2000m.	17:30
ABSOLUTA	SUB 18	Másculino Femenino	2008/2009	10000m.	18:00
	SUB 20	Másculino Femenino	2006/2007	10000m.	18:00
	SUB 23	Másculino Femenino	2003/2004/2005	10000m.	18:00
	SENIOR	Másculino Femenino	2002 ata 1991	10000m.	18:00
	MÁSTER 1	Másculino Femenino	1990 ata 1985	10000m.	18:00
	MÁSTER 2	Másculino Femenino	1984 ata 1975	10000m.	18:00
	MÁSTER 3	Másculino Femenino	1974 ata 1965	10000m.	18:00
	MÁSTER 4	Másculino Femenino	1964 e anteriores	10000m.	18:00

A recollida de dorsais poderá realizarse o venres día 3 de Outubro (opción recomendada) na Casa da Cultura do Concello de Brión en horario de 9 a 14 e de 16 a 20h. e o propio día da carreira dende as 15:30h. ata 30 minutos antes do inicio de cada proba nas inmediacións da liña de saída.

A proba absoluta da XLII CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA realizarase sobre un **circuíto de 5.000m.** aprox. **ao que se lle darán dúas voltas para completar un total de 10.000m. aprox.** En canto aos circuítos das carreiras de menores desenvolveranse nas inmediacións do Campo de Fútbol Municipal do Concello de Brión.

Ao finalizar a proba todas as persoas participantes recibirán un avituallamento líquido na liña de meta.

CUARTA.- INSCRICIÓN, PREZOS E SISTEMA DE CRONOMETRAXE

As inscricións realizaranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com, ata o 1 de outubro ás 23:59h. **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO NIN POR OUTROS MEDIOS.**

Para o control de tempos da carreira todos os participantes deberán levar un CHIP que lles será entregado xunto co seu dorsal.

Os prezos de inscrición serán os seguintes:

- Pitufos, Sub 8, Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Sub 16: GRATUÍTO
- ADULTOS (de Sub 18 a Máster): 5€

O/A atleta que non porte o chip-dorsal en todo momento non poderá entrar na clasificación da proba.

O chip-dorsal é persoal e intransferible polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionase coa expulsión da carreira. Así mesmo anularánselle todos os dereitos adquiridos coa inscrición na mesma.

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- O/A atleta inscrito/a declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte.

Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

As persoas non inscritas oficialmente e que tomen parte da carreira a modo particular, sen ser autorizadas polo organizador, non están amparadas polos seguros da proba.

Todos os participantes na proba, polo mero feito de realizar a inscrición na carreira popular, aceptan todas e cada unha das regras do presente regulamento e no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización.

QUINTA.- CLASIFICACIÓNS E PREMIOS / TROFEOS

Establecerase unha clasificación individual segundo o tempo invertido en completar o circuíto da proba e unha clasificación por categorías. As diversas clasificacións poderán consultarse na páxina web: www.carreirasgalegas.com.

Outorgaranse **trofeos aos tres primeiros da cada categoría tanto feminina como masculina**.

Así mesmo recibirán **trofeo e premio en metálico os tres homes e tres mulleres que completen o circuíto da proba no menor tempo**. Tamén haberá **premios para os tres primeiros clubs federados clasificados**. Os premios económicos establécense da seguinte maneira:

	HOMES	MULLERES	CLUBS FEDERADOS
1º CLASIFICADO	300€ + TROFEO	300€ + TROFEO	300€ + TROFEO
2º CLASIFICADO	250€ + TROFEO	250€ + TROFEO	250€ + TROFEO
3º CLASIFICADO	150€ + TROFEO	150€ + TROFEO	150€ + TROFEO

Na carreira absoluta tamén recibirán **trofeo os tres primeiros homes e tres primeiras mulleres clasificadas empadroados en Brión** (para optar a este premios os atletas deberán estar correctamente empadroados no Concello de Brión no momento de formalizar a inscrición).

Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor/a poderá recibir dous trofeos, exceptuando os correspondentes aos empadroados no Concello de Brión.

A entrega de premios celebrarase nas inmediacións da liña de saída/meta, 30 minutos despois de que o último participante finalice a proba absoluta.

Todas as persoas participantes recibiran como **agasallo conmemorativo unha CAMISETA TÉCNICA** cortesía da organización como recordo da súa participación.

Sistema de puntuación e clasificación por equipos

A clasificación por clubs será establecida a través dos 6 primeiros corredores que crucen a liña de meta no menor tempo, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 6º compoñente.

Os equipos poderán ser mixtos.

Só se admitirá a participación de clubs federados nos premios en metálico. É requisito indispensable que as persoas que vaian conformar un equipo se anoten todos co mesmo nome de equipo. Na confección do club non poderán entrar atletas pertencentes a outros clubs nin filiais do mesmo.

SEXTA.- RECLAMACIÓNS

Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro da competición na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán expostos en lugar visible pola organización.

SÉTIMA.- DESCUALIFICACIÓNS

Os/as xuíces/as da proba e membros da organización reservaranse a facultade de descualificar ao infractor/a que incumpra as normas da FGA e RFEA, por esta orde, para probas en ruta ou realice calquera das seguintes irregularidades:

- Non leve o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión na parte anterior do corpo.
- Manipule ou modifique o dorsal.
- Participe cun dorsal que corresponde a outro corredor.
- Non pase polos controis de carreira establecidos.
- Non realice o percorrido da carreira completo.
- Non atenda as indicacións dos membros da Organización ou xuíces.
- Entre fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.
- Pretenda participar na carreira popular sen terse inscrito previamente.
- Cometa conductas que a xuízo da organización da Carreira poidan ser consideradas como antideportivas.
- Se teña inscrito alterando os datos de forma maliciosa respecto aos que figuran no DNI ou ficha federativa.
- Manteña unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente na contra do espírito deportivo.
- Manifeste un mal estado físico.-Non facilite á organización a documentación que se lle requira.
- Incumpra calquera outra norma recollida nas normas de competición vixentes da FGA e RFEA para probas en ruta.

Tamén serán descualificados os/as corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, Garda Civil, Xurado, Servicios Médicos ou membros da Organización debidamente identificados.

Os/as corredores descualificados perderán o dereito a recibir calquera premio en metálico ou trofeo.

OITAVA.- RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara polo feito de inscribirse, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

NOVENA.- NOTAS FINAIS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alieo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída. Os servizos médicos e a organización da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

CONSIDERACIÓNS FINAIS: Todo o non reflexado no presente regulamento rexerase polas normas vixentes da FGA e RFEA.



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 -15008 A Coruña.